

| Grupo prof.              | Sal. base | Complemento asis. D/T | Salario/mes | G.C. |
|--------------------------|-----------|-----------------------|-------------|------|
| G 2. Téc. administración | 32,44     | 18,32                 | 1.357,92    | 5    |
| Oficial adtvo. 1ª        | 32,28     | 17,72                 | 1.340,52    | 5    |
| Oficial adtvo. 2ª        | 32,05     | 16,42                 | 1.306,32    | 5    |
| Auxiliar adtvo.          | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 7    |
| G 3. Encargados/as       | 32,05     | 16,42                 | 1.306,32    | 3    |
| Mecánicos/as             | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Electricistas            | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Soldadores/as            | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Fontaneiros/as           | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Albaneis                 | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Aux. oficios             | 30,97     | 11,06                 | 1.161,36    | 10   |
| G 4. Encargados/as       | 32,05     | 16,42                 | 1.306,32    | 3    |
| Chofer                   | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Operador de pa           | 31,86     | 15,41                 | 1.279,41    | 8    |
| Barrenista/art.          | 31,65     | 14,43                 | 1.252,53    | 8    |
| Aux. oficios             | 30,97     | 11,06                 | 1.161,36    | 10   |
| G 5. Encargados/as       | 32,05     | 16,42                 | 1.306,32    | 3    |
| Carretilleiro/as         | 31,65     | 14,43                 | 1.252,53    | 8    |
| Operadores de guindastre | 31,65     | 14,43                 | 1.252,53    | 8    |
| Serrador/as              | 31,65     | 14,43                 | 1.252,53    | 8    |
| Labrador/as              | 31,65     | 14,43                 | 1.252,53    | 8    |
| Rachador/as              | 31,23     | 12,19                 | 1.192,89    | 9    |
| Cortador/as              | 31,23     | 12,19                 | 1.192,89    | 9    |
| Embalador/as             | 31,23     | 12,19                 | 1.192,89    | 9    |
| Distrib. ración          | 31,23     | 12,19                 | 1.192,89    | 9    |
| Desc. carros             | 31,23     | 12,19                 | 1.192,89    | 9    |
| Limpiadora/as            | 30,97     | 11,06                 | 1.161,36    | 10   |
| Aux. oficios             | 30,97     | 11,06                 | 1.161,36    | 10   |

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 6 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2011.*

O Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que establece as normas que regulan estas subvencións.

O Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, relativo á subvención ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de subvención ao desenvolvemento rural.

mentos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de subvención ao desenvolvemento rural.

Esta orde enmárcase no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2007-2013, aprobado por Decisión C (2008) 703 da Comisión do 15 de febreiro de 2008, dentro do eixo 2 e a medida 2.2.6: recuperación do potencial forestal e implantación de medidas preventivas, e ademais dado o seu enfoque á prevención de incendios, encádrase como medida horizontal dentro do Marco Nacional de Desenvolvemento Rural.

O Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria (DOG nº 114, do 12 de xuño) segundo o cal esta consellería é o órgano da Administración galega encargado de propor e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais e conservación da natureza, de acordo co establecido na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, e o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e a Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que establecen a regulación do réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes delas. Esta lei aplícase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, establece no seu artigo 25º que a Consellería do Medio Rural daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria e na concesión de subvencións para esta finalidade.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30º.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa concorrente,

### DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que os titulares de montes veciñais en man común e as súas agrupacións poderán percibir para a posta en marcha de actuacións preventivas contempladas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2011 en réxime de concorrencia competitiva.

Esta incentivación na colaboración dos titulares de montes veciñais en man común na realización de traballos de silvicultura preventiva contribuirá a minorar as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais poidan provocar sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción destes montes, de grande importancia na nosa comunidade, onde supoñen aproximadamente un terzo da superficie forestal existente; e en conxunto sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.

2. De acordo co devandito obxecto establécense dúas liñas de subvencións:

- a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible.
- b) Liña II: subvencións para a construción de puntos de auga.

##### Artigo 2º.-*Ámbito de aplicación.*

1. O disposto nesta orde será de aplicación aos montes veciñais en man común da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto aqueles que estean consorciados coa Administración, salvo que solicitasen a rescisión do dito consorcio ou o seu paso a convenio con anterioridade á publicación desta orde. No caso de montes consorciados coa Xunta de Galicia poderá solicitarse subvención naquela superficie non consorciada.

##### Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións os titulares de montes veciñais en man común así como as súas agrupacións e mancomunidades, sempre que non incorran en ningunha das circunstancias contempladas no artigo 10º.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. No caso de agrupacións deberán facerse constar os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación. Cando se trate de agrupacións sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que percibirá cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un

representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación.

##### Artigo 4º.-*Superficies forestais mínimas para solicitar subvencións.*

1. A superficie forestal mínima por expediente será de duascenas cincuenta hectáreas (250 ha). Para acadar a superficie as CMVMC poderán formar unha agrupación, as cales terán que ser estremeiras ou pertencer a un mesmo distrito forestal e sempre situarse nunha mesma provincia.

2. Excepcionalmente, no caso de que a CMVMC, mancomunidade ou algunha das CMVMC que integren a agrupación estivese localizada nalgún espazo declarado como zona de especial protección dos valores naturais, segundo o recollido no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (DOG nº 69, do 12 de abril) a superficie mínima a que fai referencia o primeiro parágrafo sería de 100 ha.

##### Artigo 5º.-*Condicións xerais e técnicas do investimento.*

1. Os interesados solicitarán a concesión das subvencións baixo as seguintes condicións:

a) Deberán presentar a solicitude e o resto da documentación necesaria antes de comezar as obras ou de comezar as construcións.

b) No caso de se conceder a subvención, o pagamento será satisfeito unha vez realizada a obra preventiva.

c) Cando as subvencións consistan nunha porcentaxe do orzamento das actuacións preventivas, o total da subvención calcularase segundo o orzamento apreciado e aprobado pola Consellería do Medio Rural, segundo o disposto para cada liña de subvencións nos capítulos II e III desta orde. O IVE non será subvencionable.

d) Cada beneficiario só poderá obter unha subvención para cada unha das liñas, independentemente de que o solicite individualmente ou agrupado, xa que, en caso de agrupacións de CMVMC, temos que atender ao disposto no artigo 8º punto 3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que recolle que todos os integrantes da agrupación terán a consideración de beneficiarios. Se un solicitante presenta solicitude individual e agrupadamente, levará consigo o arquivo da solicitude presentada individualmente. Se presenta máis dunha solicitude para a mesma liña arquivaranse todas as solicitudes presentadas.

e) Para a liña I, en caso de agrupación, todos os compoñentes desta deberán especificar a porcentaxe de traballos que van facer na súa comunidade (anexo IV). No caso de que algún agrupado non execute a porcentaxe de traballos prevista e isto supoña que a agrupación non cumpre co disposto no artigo 4º, en relación coas superficies forestais mínimas por expediente, non se procederá ao seu pagamento.

f) Todos os documentos descritivos das actuacións teñen que incluír como cartografía planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5.000, ou no seu defecto, a escala 1:10.000. En caso de agrupacións, incluírase nos planos unha referencia que permita coñecer cal é a superficie con que participa cada monte veciñal da agrupación.

g) Non se concederán subvencións para actuacións en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago.

h) Non se concederán subvencións para actuacións en zonas nas que existen obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia

i) Farase constar nos documentos descritivos das actuacións se a superficie de actuación se atopa dentro da Rede Natura 2000 e solicitarase de forma interna antes da aprobación da subvención, informe ao Servizo de Conservación da Natureza, en caso de que o antedito informe sexa desfavorable, non se admitirá a trámite a solicitude de subvención, agás no caso de que a superficie dispoña dun plan de xestión forestal aprobado e co informe do departamento competente. Non se poderán realizar solicitudes de subvención sobre hábitats prioritarios.

j) O documento descritivo das actuacións deberá conter como mínimo o seguinte:

1º Estado legal dos predios obxecto de solicitude de subvención: superficie, localización, estremeiros, accesos.

2º Descrición das actuacións que se levarán a cabo. As actuacións describíranse por zona de actuación ou rodal, facendo unha táboa resumo do tipo:

| Identificación zona de actuación ou rodeira | Tipo de actuación | Superficie de actuación |
|---|-------------------|-------------------------|
|   |                   |                         |
|   |                   |                         |
| Total                                       |                   |                         |

3º Cartografía: planos sobre mapas oficiais aos que fai referencia o punto f) anterior.

Estes planos reflectirán onde se localizan as distintas actuacións para cada zona. As lendas incluírán para cada unha destas: a súa identificación (zona de actuación/rodeira 1, 2...), os tipos de actuación e as superficies de actuación. As actuacións en áreas devasas marcaranse en cor cian, as de faixas auxiliares en cor vermella e as de rexenerado de piñeiro en cor maxenta.

4º Indicación de se os terreos se atopan en Rede Natura 2000.

5º Orzamento.

k) En zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución soamente serán aprobables as subvencións solicitadas en terreos en que o acordo de concentración parcelaria sexa firme.

l) Os terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa non poderán beneficiarse destas subvencións.

#### Artigo 6º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentarase preferentemente nos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais (en adiante SPDCIF) dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Á solicitude xuntaráse a documentación requirida no capítulo IV, que estará en función da liña de subvención solicitada. A solicitude non implica ningún dereito para o peticionario, mentres non exista resolución favorable.

2. Ás solicitudes dos interesados acompañaranse os documentos e as informacións determinados na convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

4. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

5. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias, co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

#### Artigo 7º.-Instrución e resolución de expedientes. Recursos administrativos.

1. Unha vez presentada a solicitude e o resto de documentación requirida no capítulo IV os SPDCIF revisarán a documentación e, no caso de que conteña defectos ou omisións, o requirimento de emenda de erros da solicitude, por tratarse dun acto inte-

grante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido nos artigos 59º.6 b), 60º e 61º da indicada Lei 30/1992, farase mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural ao cal se remitirá desde o texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59º da Lei 30/1992.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. O órgano competente para levar a cabo a tramitación desta orde de subvencións é a Dirección Xeral de Montes. Os servizos provinciais de prevención e defensa contra incendios forestais proporánlle ao órgano colexiado; composto polo subdirector xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, polo xefe do Servizo de Organización e Control de Medios e polo xefe da Sección de Coordinación e Organización, que actuará como secretario; a relación das solicitudes presentadas que cumpran todos os requisitos desta orde, o órgano colexiado valorará as solicitudes de subvención segundo os criterios de prioridade establecidos nesta orde para as distintas liñas e emitíralle un informe ao director xeral de Montes que, pola súa vez, a elevará a proposta de concesión ao conselleiro do Medio Rural.

4. O conselleiro do Medio Rural resolverá sobre a aprobación das subvencións solicitadas en réxime de concorrencia competitiva axustándose aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42º e 44º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

6. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co establecido no artigo 59º.6 b) da indicada lei, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, no taboleiro de anuncios e na páxina web da Consellería do Medio Rural. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida, a finalidade da subvención outorgada,

así como a indicación das causas da desestimación e expresarán, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, así como o órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e prazo para interpoñelos; ademais reflectirá que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader e o eixe prioritario do programa de desenvolvemento rural de que se trata. O órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59º da Lei 30/1992.

7. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

*Artigo 8º.-Actividades subvencionables, importes, contías e criterios de selección.*

1. As accións subvencionables, así como os importes e as porcentaxes máximas que se van subvencionar se recollen nos capítulos II e III desta orde para cada liña de subvención.

2. A xestión desta subvención realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3. Os criterios específicos de valoración para a adxudicación de subvencións recóllense igualmente nos capítulos II e III para cada unha das liñas de subvención.

*Artigo 9º.-Compromisos dos beneficiarios e coordinación co SPDCIF.*

1. Os medios humanos e materiais a que se refire esta orde terán que a terse ao disposto no artigo 47º da Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

2. Os puntos de auga deberán manterse operativos durante cando menos 20 anos e manter o acceso libre para as tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

3. O beneficiario comprométese en todo momento a facilitar as tarefas de inspección ao persoal adscri-



to á Consellería do Medio Rural, así como a outras instancias autonómicas ou comunitarias.

Artigo 10º.-*Execución da subvención.*

1. Para a liña I realizarase unha inspección, preferentemente antes da resolución de concesión e nela verificaranse as superficies propostas de traballo e a súa viabilidade, así como o non inicio dos traballos.

Esta inspección realizarase no campo por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural.

En caso de que existan superficies de traballo consideradas non viables polo Distrito Forestal, poderase instar o beneficiario, á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, segundo o disposto no artigo 25º da Ley 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Para a liña II a inspección terá que ser anterior á resolución de concesión e nela comprobarase a viabilidade dos traballos, a realidade xeométrica das obras, a dispoñibilidade dos terreos e o non inicio destas. En caso de que este informe sexa desfavorable, non poderá ser obxecto de subvención. Esta inspección realizarase no campo por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural.

3. As actividades subvencionadas comezarán nun prazo máximo dun mes a partir da recepción da notificación de aprobación da subvención. O inicio da actividade sempre será posterior á inspección e notificarase expresamente ao SPDCIF.

4. A solicitude do beneficiario e de forma excepcional, poderase conceder un aprazamento do inicio dos traballos. Neste caso os SPDCIF informarán a Dirección Xeral de Montes, quen elevará a proposta ao conselleiro do Medio Rural, que pola súa vez resolverá.

5. Unha vez que os traballos propostos sexan inspeccionados e ratificada a súa viabilidade polo Distrito Forestal, o beneficiario achegará a relación de parcelas SIXPAC correspondentes ás zonas de actuación, segundo o formato que figura no anexo VI.

6. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Tamén terán a obriga de solicitar tres ofertas de diferentes provedores no suposto de gastos en subministración de bens de equipo ou prestación de servizos, por importe superior a 12.000 euros.

7. No caso de renuncia, despois de recibida a aprobación da subvención, deberá comunicarse por escrito á Consellería do Medio Rural.

8. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente a actividade subvencionada, conforme o previsto no artigo 27º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros o 100% do importe de investimento da actividade subvencionada.

Os contratistas quedarán obrigados só fronte ao beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería do Medio Rural.

Artigo 11º.-*Responsabilidade.*

1. A organización e materialización das actividades subvencionadas será responsabilidade exclusiva do beneficiario.

2. A actuación da Consellería do Medio Rural quedará limitada ao outorgamento da correspondente subvención e a garantir o cumprimento da normativa en materia de subvencións.

Artigo 12º.-*Xustificacións.*

1. O beneficiario deberá comunicar aos SPDCIF da Consellería do Medio Rural o remate das obras.

2. O prazo máximo para o remate dos traballos será o 15 de outubro e o de xustificación o 31 de outubro.

3. A xustificación presentarse preferentemente nos SPDCIF dos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4. Para os efectos do disposto no artigo 29º punto 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado que existen módulos para cada unidade de obra que supoñen que, en ningún caso, o custo de execución dos traballos subvencionados poida ser superior ao valor de mercado, considérase gasto realizado o que foi efectivamente comprobado por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural.

5. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

6. A subvención definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, un deles distinto dos que realizaron a inspección en campo.

7. Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realizase un menor número de unidades de

obra das aprobadas. Esta comprobación final consistirá en:

Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible.

Certificado emitido por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección no que se indique se as obras realizadas foron executadas conforme a solicitude e a memoria inicial ou modificada presentada polo beneficiario, especificando o número de hectáreas rozadas e a súa localización.

Liña II: construción de puntos de auga.

Certificado emitido por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección, no que se indique se os puntos de auga foron realizados conforme a solicitude e a memoria inicial ou modificada presentada polo beneficiario.

No caso de que o importe xustificado polo beneficiario coa notificación de remate dos traballos supere en máis dun 3% o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a maiores a subvención que se vai percibir, resultante da comprobación final, na diferenza entre ambos os importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

8. Xunto coa notificación de remate dos traballos achegarase a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

-Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo.

-Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención.

-Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

c) Certificación bancaria da CMVMC ou mancomunidade titular do terreo. No caso de agrupacións deberán ser titulares conxuntos todas as CMVMC que formen parte da agrupación. Nas agrupacións permitirase a sinatura mancomunada ou solidaria da conta bancaria.

Artigo 13º.-*Procedemento de reintegro.*

1. A subvención poderá reintegrarse, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Por incumprimento das disposicións legais de aplicación, ocultar ou falsear datos ou destinar as subvencións a fins distintos aos sinalados.

b) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

d) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

e) Execución de menos do 80% das accións viables sen autorización previa ou causa xustificada de forza maior.

f) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na Lei 9/2007 e na lexislación europea.

g) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11º e 12º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

i) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

j) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87º a 89º do Tratado CE, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

k) Nos demais supostos recollidos na normativa reguladora da subvención.

2. Nestes casos, excepto nos de forza maior, procederá o reintegro da subvención percibida e dos xuros de demora devengados desde o seu pagamento de

acordo coa Lei de réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia.

3. Serán casos de forza maior, de conformidade co disposto no artigo 47º do Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 18 de decembro:

- a) Falecemento do beneficiario.
- b) Incapacidade profesional de longa duración do beneficiario.
- c) Expropiación dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se subscribiu o compromiso.
- d) Calamidades naturais graves que afecten seriamente a superficie agrícola da expropiación.

4. A notificación dos casos de forza maior e as probas relativas a estes, deberán realizarse por escrito e nun prazo de dez días hábiles, contado desde a data na que se produciu o caso de forza maior.

5. Así mesmo, procederáse ao reintegro do exceso percibido nos supostos no que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, á porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza.

#### Artigo 14º.-*Controis.*

1. A Consellería do Medio Rural realizará os controis administrativos sobre o 100% das solicitudes de axuda e pagamento.

2. A Consellería do Medio Rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas coa finalidade de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das subvencións concedidas. Estes controis realizaranse sobre unha mostra que represente cando menos o 4% do gasto público declarado á comisión cada ano civil e cando menos o 5% do gasto público subvencionable declarado á comisión en todo o período de programación. Estes controis realizaranse, na medida do posible, antes do pagamento derradeiro dun proxecto.

Na liña II os expedientes poderán ser sometidos a controis a posteriori, estes controis cubrirán anualmente cando menos un 1% do gasto en investimentos completamente pagados e comunicados á comisión.

3. O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas e as instancias de control comunitarias.

4. Seralles de aplicación ás subvencións recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen realizar o pertinente control sobre o terreo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (CE) 1975/2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regula-

mento 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de subvención ao desenvolvemento rural.

#### Artigo 15º.-*Financiamento.*

1. As subvencións que se deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.551B.770.0, código de proxecto 09.00.717: 2.814.206,36 € e código de proxecto 07.00.486: 23.377,61 € Subvencións e investimentos en materia de incendios forestais, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nunha porcentaxe do 57,56% respecto ao gasto público total.

2. O orzamento desta orde é de dous millóns oitocentos trinta e sete mil cincocentos oitenta e tres euros con noventa e sete céntimos de euro (2.837.583,97 €), repartidos do seguinte xeito:

a) Liña I: dotada cun total de dous millóns cincocentos setenta e sete mil cincocentos oitenta e tres euros con noventa e sete céntimos de euro (2.577.583,97 €).

b) Liña II: dotada cun total de douscentos sesenta mil euros (260.000 €).

3. A Consellería do Medio Rural, chegado o caso, poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25º.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que esta publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

4. No caso de que quedasen remanentes de crédito destinados ao financiamento dunha liña de subvencións, tales remanentes poderán ser destinados ao financiamento da outra liña de subvención.

#### Artigo 16º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, consonte o disposto no artigo 17º.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Son obrigas do beneficiario:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (BOE nº 150, do 23 de xuño).

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

Deberase levar un sistema de contabilidade específica Feader ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como exige o artigo 75º.1 c) i) do Regulamento (CE) 1698/2005.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33º de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Infraccións e sancións.*

1. En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CAPÍTULO II

SUBVENCIÓNS PARA O CONTROL SELECTIVO DE COMBUSTIBLE

Artigo 19º.-*Actividades subvencionables.*

1. A prevención engloba todas aquelas accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación.

2. As actuacións que se van subvencionar nesta liña consistirán no control selectivo do combustible en áreas devasas e faixas auxiliares de pista coa finalidade de reducir a carga de combustible presente no monte e crear zonas de descontinuidade, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais e a minimizar os danos causados por estes sinistros, en caso de se produciren. Estes traballos realizaranse sempre dentro do ámbito territorial do monte ou montes para os que o beneficiario solicite a subvención.

3. Os plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito conteñen as accións necesarias para a defensa contra incendios forestais e, máis alá das accións de prevención e outras medidas previstas en materia de emerxencias, inclúen a previsión e a programación integrada das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo contra incendios forestais.

4. Todas as iniciativas particulares de prevención e defensa deben estar articuladas e encadradas nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito, polo tanto as actividades que se vaian subvencionar incluídas nesta liña deben estar sempre de acordo co previsto no devandito plan de prevención.

5. Dentro desta liña subvencionaranse as seguintes accións:

a) Áreas devasas.

Consistirá na roza mecanizada do mato, que poderá executarse a feito ou en faixas. Non se inclúe nesta actuación as rozas en rexenerado de piñeiro. A roza mecanizada levarase a cabo con rozadoras de cadeas. No seguinte artigo describíense as actuacións que se poderán incluír dentro das áreas de devasas.

A altura do mato tras a roza non deberá superar, en xeral, os 10 cm.

b) Faixas auxiliares de pista.

Consistirá na eliminación nas marxes de vías e camiños forestais, do estrato arbustivo e subarbustivo, nos dous metros desde a aresta exterior da vía ou camiño, sempre que sexa tecnicamente viable. Incluírase nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario. O traballo realizarase con tractor de rodas de máis de 100 CV de



potencia, dotado de brazo rozador ou rozadora de cadeas, segundo as necesidades.

A altura do mato tras a roza non deberá superar, en xeral, os 10 cm.

No seguinte artigo descríbense as actuacións que se poderán incluír dentro das faixas auxiliares de pista.

c) Roza mecanizada en rexenerado de piñeiro.

Consisitirá na roza mecanizada por faixas do mato con arboredo.

O traballo realizarase con tractor de rodas de máis de 100 CV de potencia, dotado de brazo rozador ou rozadora de cadeas, segundo as necesidades.

A altura do mato tras a roza non deberá superar, en xeral, os 10 cm.

No seguinte artigo descríbense as actuacións que se poderán incluír dentro da roza mecanizada en rexenerado de piñeiro.

Nas devanditas actuacións deberán facerse os pases necesarios para que a matogueira quede perfectamente cortada e triturada, non admitíndose o tombado da vexetación que poida implicar que esta poida levantarse ao incorporarse co paso do tempo.

A superficie mínima que se solicitará para as devanditas actuacións será de 10 ha e a máxima de 25 ha para expedientes con CMVMC, mancomunidades ou agrupacións de CMVMC de menos de 1.000 ha clasificadas como MVMC e de 50 ha para expedientes nos que a devandita superficie sexa maior ou igual a 1.000 ha.

Artigo 20º.-*Importes e porcentaxes máximos das subvencións.*

1. A contía das subvencións estará condicionada, en todo caso, á existencia de disponibilidades orzamentarias.

2. Os prezos que se reflicten na seguinte táboa son indicativos para o titular da solicitude e obrigatorios como tope máximo na aplicación polos SPDCIF para a aprobación dos orzamentos.

| Unidade   | Descrición  | Prezo máximo aplicable en euros | Porcentaxe máxima que se vai subvencionar |
|---|---|---------------------------------|---|
| <b>Áreas devasas</b>                            |   |                                 |   |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         | 343,44                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% | 409,10                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 20% a 30% | 474,76                          | 80%                                       |
| <b>Faixas auxiliares de pista</b>               |   |                                 |   |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         | 343,44                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% | 409,10                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de brazo                           | 490,04                          | 80%                                       |
| <b>Roza mecanizada en rexenerado de piñeiro</b> |   |                                 |   |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         | 343,44                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% | 409,10                          | 80%                                       |
| ha  | Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 20% a 30% | 474,76                          | 80%                                       |

Artigo 21º.-*Criterios de selección.*

1. A concesión das subvencións axustarase aos principios xerais recollidos no artigo 5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. As actuacións preventivas subvencionadas complementarán os labores de prevención desenvolvidos polos medios propios dos SPDCIF, de xeito que se reforcen nos lugares estratéxicos e se estendan ao máximo posible no territorio.

3. Atenderanse as solicitudes de maior a menor puntuación ata acadar o orzamento asignado para esta liña, segundo o baremo seguinte:

a) Expedientes con montes veciñais situados en concellos declarados zonas de alto risco segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal ou incluídos en concellos con espazos declarados zonas de especial protección dos valores naturais, segundo o disposto no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (DOG nº 69, do 12 de abril): 2 puntos.

b) Número de comunidades que integran a agrupación ou a mancomunidade, puntuación:

Dúas comunidades: 0,20 puntos.

Tres comunidades: 0,45 puntos.

Catro comunidades: 0,75 puntos.

Cinco ou máis comunidades: 1 punto.

c) Superficie total da CMVMC, agrupacións de CMVMC ou mancomunidades clasificada como MVMC:

Desde 500 ata 1.000 ha: 1 punto.

Máis de 1.000 ha: 2 puntos.

Máis de 2.000 ha: 3 puntos.

d) Expedientes que inclúan algún monte con instrumento de xestión rexistrado (Orde do 12 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes): 1 punto.

e) Expedientes con algún monte con certificación forestal con sistema PEFC ou FSC: 1 punto.

4. Para todos os casos, de existir empate, prevalecerá a maior puntuación obtida no punto a) e de continuar este, será preferente a maior puntuación obtida nos puntos b), c), d) e e) sucesivamente.

De continuar o empate prevalecerá a maior superficie clasificada da CMVMC, agrupacións de CMVMC ou mancomunidade, despois o maior número de comunidades que integran a agrupación ou a mancomunidade e por último, de maior a menor o valor da suma das catro últimas cifras do CIF da CMVMC solicitante ou representante.

CAPÍTULO III

CONSTRUCCIÓN DE PUNTOS DE AUGA

Artigo 22º.-*Actividades subvencionables.*

1. Os puntos de auga integran as redes de defensa contra incendios forestais dos distritos.

2. Subvencionarase a construción de puntos de auga para a prevención e defensa contra incendios forestais, que se situarán en zonas estratéxicas para a defensa dos núcleos de poboación e das masas forestais, cunha orografía axeitada para a actuación dos medios do SPDCIF e garantindo a actuación rápida destes. A localización dos puntos de auga será coherente co disposto nos plans de prevención de distrito.

3. Os puntos de auga deberán cumprir cando menos coas seguintes premisas:

a) Permitirán a carga de vehículos motobomba do SPDCIF.

b) Levarán peche perimetral de seguridade e protección.

c) As dimensións do punto de auga serán as que figuran a continuación:

-Depósito de auga 5×4×2,5 m (volumen útil 40 m<sup>3</sup>).

-Depósito de auga 6×4×2,5 m (volumen útil 50 m<sup>3</sup>).

-Depósito de auga 7×4×2,5 m (volumen útil 60 m<sup>3</sup>).

Subvencionarase un máximo dun punto de auga para expedientes con CMVMC, mancomunidades ou agrupacións de CMVMC de menos de 500 ha clasificadas e de dous puntos de auga para expedientes nos que a devandita superficie sexa maior o igual a 500 ha.

4. Ademais o beneficiario deberá manter operativos para a prevención e defensa contra incendios forestais estas infraestruturas durante cando menos 20 anos, polo que deberá garantir:

a) Un acceso axeitado a estes dos medios do SPDCIF.

b) Un caudal continuo e suficiente.

c) Un baleirado do depósito axeitado.

d) Manterán a zona perimetral libre de vexetación arbórea e arbustiva.

5. O uso principal destas construcións estará vinculado á prevención de incendios.

*Artigo 23º.-Importes e porcentaxes máximas das subvencións.*

1. A contía das subvencións estará condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

2. Os prezos que se reflicten na seguinte táboa son indicativos para o titular da solicitude e obrigatorios como tope máximo na aplicación polos SPDCIF para a aprobación dos orzamentos.

| Unidade | Descrición   | Prezo máximo aplicable en euros | Porcentaxe máxima que se vai subvencionar |
|---------|--|---------------------------------|---|
| Ud.     | Depósito de auga 5×4×2,5 m (volumen útil 40 m <sup>3</sup> ) | 6.103,61                        | 80%                                       |
| Ud.     | Depósito de auga 6×4×2,5 m (volumen útil 50 m <sup>3</sup> ) | 7.174,01                        | 80%                                       |
| Ud.     | Depósito de auga 7×4×2,5 m (volumen útil 60 m <sup>3</sup> ) | 8.146,68                        | 80%                                       |

*Artigo 24º.-Criterios de selección.*

1. A concesión das subvencións axustarase aos principios xerais recollidos no artigo 5º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Os puntos de auga deberán localizarse estratéxicamente no territorio de Galicia complementando as infraestruturas deste tipo do SPDCIF de xeito que se garante unha actuación o máis eficiente dos medios.

3. Atenderanse as solicitudes de maior a menor puntuación ata acadar o orzamento asignado para esta liña, segundo o baremo seguinte:

a) Expedientes con montes veciñais situados en concellos declarados zonas de alto risco segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal ou incluídos en concellos con espazos declarados zonas de especial protección dos valores naturais, segundo o disposto no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se decláran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (DOG nº 69, do 12 de abril): 2 puntos.

b) Número de comunidades que integran a agrupación ou a mancomunidade, puntuación:

Dúas comunidades: 0,20 puntos.

Tres comunidades: 0,45 puntos.

Catro comunidades: 0,75 puntos.

Cinco ou máis comunidades: 1 punto.

c) Superficie total da CMVMC, agrupacións de CMVMC ou mancomunidades clasificada como MVMC:

Desde 500 ata 750 ha: 1 punto.

Máis de 750 ha: 2 puntos.

Máis de 1.000 ha: 3 puntos.

d) Expedientes que inclúan algún monte con instrumento de xestión rexistrado (Orde do 12 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes): 1 punto.

e) Expedientes con algún monte con certificación forestal con sistema PEFC ou FSC: 1 punto.

4. Para todos os casos, de existir empate, prevalecerá a maior puntuación obtida no punto a) e de continuar este, será preferente a maior puntuación obtida nos puntos b), c), d) e e) sucesivamente.

De continuar o empate prevalecerá a maior superficie clasificada da CMVMC, agrupacións de CMVMC ou mancomunidade, despois o maior número de comunidades que integran agrupación ou a mancomunidade e por último, de maior a menor o valor da suma das catro últimas cifras do CIF da CMVMC solicitante ou representante.

## CAPÍTULO IV

Artigo 25º.-*Documentación.*

1. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no rexistro provincial de montes veciñais en man común, de acordo co disposto no artigo 57º do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, para poder acceder a estas subvencións.

2. Subvencións para o control selectivo de combustible.

a) Solicitude, total e correctamente completada, segundo o anexo I. O solicitante deberá ser a CMVMC, a través do seu representante legal (presidente da CMVMC).

b) Fotocopia do CIF da CMVMC (en caso de agrupación, de todas as comunidades que a integran) ou mancomunidade; e o DNI do representante legal.

c) Certificado tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, conforme autorizan o solicitante a pedir subvencións á Consellería do Medio Rural, para a execución das accións obxecto da solicitude.

d) Datos dos montes obxecto da subvención, segundo o anexo III.

e) Para as agrupacións: acordo dos titulares dos terreos forestais para a designación dun solicitante-representante para efectos de tramitación da subvención, segundo o anexo IV.

f) Declaración das subvencións solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes destas, ou anexo V debidamente asinado. No caso de agrupacións, cada CMVMC que integre esta, deberá presentar unha declaración de subvencións.

g) Dous exemplares do documento descritivo das actuacións.

3. Subvencións para a construción de puntos de auga.

a) Solicitude, total e correctamente completada, segundo o anexo II. O solicitante deberá ser a CMVMC, a través do seu representante legal (presidente da CMVMC).

b) Fotocopia do CIF da CMVMC (en caso de agrupación, de todas as comunidades que a integran) ou mancomunidade; e o DNI do representante legal.

c) Certificado tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario, conforme autorizan o solicitante a pedir subvencións á Consellería do Medio Rural, para a execución das accións obxecto da solicitude.

d) Datos dos montes obxecto da subvención, segundo o anexo III.

e) Para as agrupacións: acordo dos titulares dos terreos forestais para a designación dun solicitante-representante para efectos de tramitación da subvención, segundo o anexo IV.

f) Declaración das subvencións solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes destas, ou anexo V debidamente asinado. No

caso de agrupacións, cada CMVMC que integre esta, deberá presentar unha declaración de subvencións).

g) Dous exemplares do documento descritivo das actuacións.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-As subvencións contidas nesta orde son incompatibles con outras subvencións de calquera administración pública e con calquera outro réxime de subvencións comunitarias para a mesma finalidade.

Segunda.-Nos aspectos non previstos nesta orde haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á subvención ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no Regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de subvención ao desenvolvemento rural.

Terceira.-De conformidade co disposto no artigo 15º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na dita páxina web. O órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59º da Lei 30/1992.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de subvencións, axudas e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás subvencións e axudas recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes para ditar todas as disposicións complementarias, dentro do ámbito das súas competencias, para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



**FEADER:**  
Europa inviste  
no rural

UNIÓN EUROPEA

|   |   |                                |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS PARA O CONTROL SELECTIVO DE COMBUSTIBLE EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>MR651A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|--------------------------------|

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

|  |     |                        |
|--|-----|------------------------|
| REPRESENTANTE LEGAL  | NIF | TELÉFONO (OBRIGATORIO) |
| ENDEREZO (RÚA OU PRAZA E LUGAR)  | CP  | PROVINCIA              |
|  |     | CONCELLO               |
| NOME DA CMVMC SOLICITANTE OU REPRESENTANTE   | CIF |                        |
| NATUREZA DO BENEFICIARIO DA SOLICITUDE (INDICAR CUN X O QUE PROCEDA)   |     |                        |
| <input type="checkbox"/> CMVMC <input type="checkbox"/> MANCOMUNIDADE <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE CMVMC |     |                        |

**DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS E ORZAMENTO PRESENTADO**

| ACTUACIÓN   | UNIDADES | PREZO UNIDADE | ORZAMENTO PRESENTADO |
|---|----------|---------------|----------------------|
| Áreas devasas   |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 20% a 30% |          |               |                      |
| Faixas auxiliares de pista                                      |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de brazo                           |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente <10%         |          |               |                      |
| Roza mecanizada en rexenerado de piñeiro                        |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 10% a 20% |          |               |                      |
| Roza mecanizada con rozadora de cadeas en pendente de 20% a 30% |          |               |                      |
| <b>TOTAL ORZAMENTO</b>  |          |               |                      |

**OUTROS DATOS (INDICAR CUN X O QUE PROCEDA):**

1- Expedientes con montes veciñais situados en concellos declarados zona de alto risco segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal ou incluídos en concellos con espazos declarados zonas de especial protección dos valores naturais:

SI, 2 PUNTOS     NON, 0 PUNTOS

2- Número de comunidades que integran a agrupación/mancomunidade:

2 comunidades: 0,20 puntos     3 comunidades: 0,45 puntos     4 comunidades: 0,75 puntos     5 ou máis comunidades: 1 punto. En caso de cinco ou máis, dicir cantas:

3- Superficie total da CMVMC, agrupación de CMVMC ou mancomunidades clasificada como MVMC:

Dende 500 ata 1.000 ha: 1 punto     Máis de 1.000 ha: 2 puntos     Máis de 2.000 ha: 3 puntos    Superficie total clasificada:

4- Expedientes que inclúan algún monte con instrumento de xestión rexistrado (Orde do 12 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes):  SI, 1 PUNTO     NON, 0 PUNTOS

5- Expedientes con algún monte con certificación forestal con sistema PEFC ou FSC:  SI, 1 PUNTO     NON, 0 PUNTOS

6- Localización das actuacións en zonas con obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia:  SI     NON

7- Localización das actuacións en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago  SI     NON

8- A superficie de actuación atópase dentro da Rede Natura 2000  SI     NON

9- Localización en zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución  SI     NON

SOLICITO: as axudas establecidas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, declarando baixo a miña responsabilidade que todos os datos son certos e comprométo-me a achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación e aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas, e cumprir os compromisos que figuran na lexislación de aplicación:

de de 20

Conforme:

Asdo. (nome e apelidos):

Autoriza á Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o dexera pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 6 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2011.

SPDCIF do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da provincia de  (\*)  
conselleiro do Medio Rural

(\*) As solicitudes presentaranse preferentemente nos SPDCIF como órganos instructores deste procedemento (art. 6º.7 desta orde). O conselleiro do Medio Rural é o órgano encargado da resolución deste procedemento (art. 7º desta orde)





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO II*



**FEADER:**  
Europa inviste  
no rural

UNIÓN EUROPEA

|   |   |                                    |
|---|---|------------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><br><b>AXUDAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE PUNTOS DE AUGA</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><br><b>MR651A</b> | DOCUMENTO<br><br><b>SOLICITUDE</b> |
|---|---|------------------------------------|

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

|  |                      |                      |                        |
|--|----------------------|----------------------|------------------------|
| REPRESENTANTE LEGAL  |                      | NIF                  | TELÉFONO (OBRIGATORIO) |
| <input type="text"/>   |                      | <input type="text"/> | <input type="text"/>   |
| ENDEREZO (RÚA OU PRAZA E LUGAR)  | CP                   | PROVINCIA            | CONCELLO               |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/>   |
| NOME DA CMVMC SOLICITANTE OU REPRESENTANTE   |                      |                      | CIF                    |
| <input type="text"/>   |                      |                      | <input type="text"/>   |
| <input type="checkbox"/> CMVMC <input type="checkbox"/> MANCOMUNIDADE <input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN DE CMVMC |                      |                      |                        |

**DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS E ORZAMENTO PRESENTADO**

| ACTUACIÓN  | UNIDADES             | PREZO UNIDADE        | ORZAMENTO PRESENTADO |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| Depósito de auga 5x4x2,5 m (volumen útil 40 m <sup>3</sup> ) | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Construción de punto de auga                                 | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Depósito de auga 6x4x2,5 m (volumen útil 50 m <sup>3</sup> ) | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| Depósito de auga 7x4x2,5 m (volumen útil 60 m <sup>3</sup> ) | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <b>TOTAL ORZAMENTO</b>                                       |                      |                      | <input type="text"/> |

**OUTROS DATOS (INDICAR CUN X O QUE PROCEDA):**

1- Expedientes con montes veciñais situados en concellos declarados zona de alto risco segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal ou incluídos en concellos con espazos declarados zonas de especial protección dos valores naturais:  
 SI, 2 PUNTOS     NON, 0 PUNTOS

2- Número de comunidades que integran a agrupación/mancomunidade:  
 2 comunidades: 0,20 puntos   
  3 comunidades: 0,45 puntos   
  4 comunidades: 0,75 puntos   
  5 ou máis comunidades: 1 punto. En caso de cinco ou máis, dicir cantas:

3- Superficie total da CMVMC, agrupación de CMVMC ou mancomunidades clasificada como MVMC:  
 Dende 500 ata 750 ha: 1 punto   
  Máis de 750 ha: 2 puntos   
  Máis de 1.000 ha: 3 puntos   
 Superficie total clasificada:

4- Expedientes que inclúan algún monte con instrumento de xestión rexistrado (Orde do 12 de xuño de 1998 pola que se crea o Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes):  SI, 1 PUNTO     NON, 0 PUNTOS

5- Expedientes con algún monte con certificación forestal con sistema PEFC ou FSC:  SI, 1 PUNTO     NON, 0 PUNTOS

6- Localización das actuacións en zonas con obxectos ou restos materiais que formen parte do Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia:  SI     NON

7- Localización das actuacións en zonas de protección lateral do Camiño de Santiago:  SI     NON

8- A superficie de actuación atópase dentro da Rede Natura 2000:  SI     NON

9- Localización en zonas cun procedemento de concentración parcelaria en execución:  SI     NON

SOLICITO: as axudas establecidas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, declarando baixo a miña responsabilidade que todos os datos son certos e comprométo a achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación e aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas, e cumprir os compromisos que figuran na lexislación de aplicación:

, de de 20

Conforme:

Asdo. (nome e apelidos):

Autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de lle dar cumprimento ao previsto no artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o dexexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 6 de abril de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013 e se convocan para o ano 2011.

SPDCIF do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da provincia de  (\*)  
 conselleiro do Medio Rural

(\*) As solicitudes presentaranse preferentemente nos SPDCIF como órganos instructores deste procedemento (art. 6º.7 desta orde). O conselleiro do Medio Rural é o órgano encargado da resolución deste procedemento (art. 7º desta orde)

## ANEXO III

## DATOS DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN OBXECTO DA SUBVENCIÓN

|   |  |  |
|---|--|--|
| DENOMINACIÓN  |  |  |
| <input type="text"/>  |  |  |
| NOME DO/A TITULAR   |  | CIF DO/A TITULAR   |
| <input type="text"/>  |  | <input type="text"/>   |
| PROXECTO DE ORDENACIÓN, PLAN TECNOLÓXICO OU PLAN DE XESTIÓN INCLUÍDO NO RESPECTIVO REXISTRO | MONTE CERTIFICADO CONFORME O SISTEMA DE XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE DA XUNTA DE GALICIA | SUPERFICIE TOTAL DOS MONTES CLASIFICADA COMO MVMC              |
| <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                    | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                 | <input type="text"/>   |
| PROVINCIA   | CONCELLO   | PARROQUIA  |
| <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                              | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                           | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> |

|   |  |  |
|---|--|--|
| DENOMINACIÓN  |  |  |
| <input type="text"/>  |  |  |
| NOME DO/A TITULAR   |  | CIF DO/A TITULAR   |
| <input type="text"/>  |  | <input type="text"/>   |
| PROXECTO DE ORDENACIÓN, PLAN TECNOLÓXICO OU PLAN DE XESTIÓN INCLUÍDO NO RESPECTIVO REXISTRO | MONTE CERTIFICADO CONFORME O SISTEMA DE XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE DA XUNTA DE GALICIA | SUPERFICIE TOTAL DOS MONTES CLASIFICADA COMO MVMC              |
| <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                    | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                 | <input type="text"/>   |
| PROVINCIA   | CONCELLO   | PARROQUIA  |
| <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                              | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                           | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> |

|   |  |  |
|---|--|--|
| DENOMINACIÓN  |  |  |
| <input type="text"/>  |  |  |
| NOME DO/A TITULAR   |  | CIF DO/A TITULAR   |
| <input type="text"/>  |  | <input type="text"/>   |
| PROXECTO DE ORDENACIÓN, PLAN TECNOLÓXICO OU PLAN DE XESTIÓN INCLUÍDO NO RESPECTIVO REXISTRO | MONTE CERTIFICADO CONFORME O SISTEMA DE XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE DA XUNTA DE GALICIA | SUPERFICIE TOTAL DOS MONTES CLASIFICADA COMO MVMC              |
| <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                    | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON                                 | <input type="text"/>   |
| PROVINCIA   | CONCELLO   | PARROQUIA  |
| <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                              | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>                           | <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> |

Faise constar expresamente o coñecemento e conformidade coas condicións establecidas, recollidas na orde da Consellería do Medio Rural do \_\_\_\_\_, pola que se establecen axudas para a prevención e a defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

ANEXO IV

**ACORDO PARA A DESIGNACIÓN DUN REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN DE CMVMC E PARA O COMPROMISO DA PORCENTAXE DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN S E DA AXUDA QUE PERCIBIRÁ POR CADA UNHA DAS CMVMC**

EXPEDIENTE

| DELEGACIÓN DE:<br><input type="text"/><br>Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais  | PARA TODAS AS LIÑAS  | SOLICITANTE: <input type="text"/><br>CONCELLO DE: <input type="text"/><br>PARROQUIA: <input type="text"/> |                              |                                |                                |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
|---|----------------------|---|------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|----------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|--|--|
| ORDE DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DO _____ DE _____ POLA QUE ESTABLECEN AXUDAS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN   |                      |   |                              |                                |                                |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| RELACIÓN DE BENEFICIARIOS/AS AGRUPADOS/AS, NO CASO DE NON ESTAR LEGALMENTE CONSTITUIDOS.<br>Os/As beneficiarios/as que abaixo asinan dan a súa representación a:  | _____, DNI _____     | NO CASO DE AGRUPACIÓN LEGALMENTE CONSTITUÍDA, INDICAR:<br>Nome _____ NIF _____                            |                              |                                |                                |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| <table border="1"> <thead> <tr> <th data-bbox="691 163 794 2074">CMVMC</th> <th data-bbox="691 1107 794 1107">CIF</th> <th data-bbox="691 1107 794 1107">REPRESENTANTE LEGAL DA CMVMC</th> <th data-bbox="691 1107 794 1107">% DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS</th> <th data-bbox="691 1107 794 1107">% DE AXUDA QUE SE VAI PERCIBIR</th> <th data-bbox="691 1107 794 1107">SINATURA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> <td><input type="text"/></td> </tr> </tbody> </table> | CMVMC                | CIF   | REPRESENTANTE LEGAL DA CMVMC | % DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS   | % DE AXUDA QUE SE VAI PERCIBIR | SINATURA | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |  |  |
| CMVMC   | CIF                  | REPRESENTANTE LEGAL DA CMVMC  | % DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS | % DE AXUDA QUE SE VAI PERCIBIR | SINATURA                       |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/>  | <input type="text"/>         | <input type="text"/>           | <input type="text"/>           |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/>  | <input type="text"/>         | <input type="text"/>           | <input type="text"/>           |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/>  | <input type="text"/>         | <input type="text"/>           | <input type="text"/>           |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |
| <input type="text"/>  | <input type="text"/> | <input type="text"/>  | <input type="text"/>         | <input type="text"/>           | <input type="text"/>           |          |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |  |  |

Eu, , como representante dos peticionarios agrupados, declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que figuran nesta solicitude son verdadeiros.

e asino este documento en

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

## ANEXO V

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

Eu, , con NIF   
 en calidade de representante legal da CMVMC   
 con CIF  e enderezo en

**DECLARO (sinalar cun X o que proceda):**

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Que solicitei e se me concederon (ou se está pendente de resolución de concesión) axudas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, como se indica a seguir:

| <i>DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE FOI SOLICITADA A AXUDA</i> | <i>DATA DE</i>       |                                 | <i>IMPORTE</i>       |
|--|----------------------|---------------------------------|----------------------|
|  | <i>SOLICITUDE</i>    | <i>CONCESIÓN <sup>(1)</sup></i> |                      |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/>            | <input type="text"/> |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/>            | <input type="text"/> |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/>            | <input type="text"/> |
| <input type="text"/>   | <input type="text"/> | <input type="text"/>            | <input type="text"/> |

<sup>(1)</sup> No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase *PENDENTE* nesta columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar como *DENEGADA*

Lugar e data

, de de

(Sinatura do representante legal)

\*En caso de agrupacións de CMVMC cada unha delas deberá completar este anexo.



